



13


OUTRA + OUTRA

9^a

Edición

BANDAS,
CORAIS,
POP,
JAZZ,
ROCK, ...

“Os elementos sonoros non constitúen a música senón ao organizarse” con esta cita, Igor Strawinsky sinalaba o percorrido que vai da inspiración dos músicos ao esforzo organizado e colectivo que posibilita que a música sexa algo que está aí para todos. A música sae de dentro, fusión en orixe e nutriente do espírito... Pero esa inspiración necesita materializarse.



Aquí é onde entran as técnicas de produción musical, decisións e recursos que se moven na pouco nítida fronteira do artístico e do técnico.

O impulso á música


A Deputación Provincial da Coruña e o Estudio de Gravación MANS, promovido pola Fundación Paideia Galiza, pretenden con este convenio fomentar o desenvolvemento estratéxico do sector da música na provincia da Coruña. En concreto, apoiar ás formacións musicais co fin de facilitar que se coñeza o que fan, e impulsando o seu desenvolvemento e crecemento na nosa zona.



Este convenio abarca a todos os concellos da provincia da Coruña con apoio a:

- Agrupacións musicais
- Bandas
- Corais
- Grupos de cámara, etc.

A Deputación Provincial da Coruña actúa no seu papel de activador público para o desenvolvemento dun sector estratéxico en plena expansión, consolidándose como un sector xerador de país, de cultura, de bens económicos e de futuro, tanto en cantidade como en calidade, e facilita este convenio co obxectivo de continuidade no tempo.



O centro empresarial MANS, pon ao servizo da sociedade un estudio de gravación de gran formato con características técnicas de última xeración tanto para audio como para imaxe, único polas súas dimensións e instalacións.

¿A quen vai dirixido?

6 agrupacións musicais que creen e executen distintos tipos de estilos musicais: bandas de música, corais, grupos de cámara, rondallas, pop, rock, jazz, etc. da provincia da Coruña.

Requisitos para participar

Estar incluído na rede cultural da Deputación no ano 2013 ou na próxima quenda de solicitudes de 2014 .

Achegar currículo do grupo e cadro instrumental.

Cubrir o formulario de solicitude.

Produto: características

Entrega de 1000 copias en CD máis 100 dun CD recopilatorio.

Un día de gravación, incluído a edición, mestura e masterización en sistema de gravación a disco duro Pro Tools HD3.

Deseño do CD, dispoñibilidade de piano e Coffee.

Dirección e asistencia técnica

Mans Estudio de Gravación

Custo:

3714 € + IVE (1000 copias en CD)

Subvención:

Achega de 2900 € da Deputación Provincial da Coruña

Prazo de solicitudes:

11 de novembro de 2013

Fallo de solicitudes:

O día 15 de cada mes ata cubrir prazas

Datas de gravación:

Do 1 de decembro ao 28 de febreiro.

En función da dispoñibilidade do Estudio.

Recepción de solicitudes:

MANS Estudio de gravación

Polígono de Pocomaco, parcela D-22

15190 A Coruña · Tel: 981 910 100

informacion@mans-paideia.com





MANS ESTUDIO DE GRAVACIÓN

Pol. Pocomaco · Parc. D-22 · 15190 A Coruña · Tel: **981 910 100** · Fax: **981 910 101**
informacion@mans-paideia.com · www.mans-paideia.com